

"A LOITADORA"

(a Gelines)

por

Anxos Fernández Aneiros

(2º Bach. Adultos)

Xa comezaches a loitar de pequeniña, sempre no ollo do furacán. O mesmo subías ao camiión do carbón para roubar calor que buscabas a vida co peixe.

Máis tarde, na fábrica fuches traballadora e molláheste, e non só co bacallau, senón para defender os teus dereitos, e, como non, os dos teus compañeiros, que contaron sempre coa túa solidariedade.

Logo virían máis loitas; entre elas, o duro proceso da emigración.

Pero a loita máis dura foi pola túa filla, para arredala das gadoupas do inimigo silencioso que cha arrebatava sen remedio...

Ela xa non está contigo. Mais, se, coma ti cres, te está vendo, está leda, porque a súa nai foi a mellor nai.

Agora tes outra loita, e esta é por ti, para seguir adiante. E tamén por ela, que así o quereda. E se xa non a tes, olla ao teu redor e encontrarás a alguén que te apoie. Non o dubides.

"PENSEI"

por

Anxos Fernández Aneiros

(2º Bach. Adultos)

Pensei que estamos arrodoados, de quen?
 Quen temos ao noso lado?
 Quen está aí?
 Quen responde aos nosos medos?
 Pensei que ollamos ao redor, e non hai ninguén.
 Onde están?
 Pensei que estaban xordos, non oían!
 Pensei que estaban mudos, non falaban!
 Pensei que estaban mancos, non facían!
 Pensei que todo custa,
 que todo ten un prezo.
 Até os amigos teñen prezo!
 Pensei que se custan, eses non son amigos.
 Todo vale, nada custa
 Nada vale, todo custa.
 Que é o que vale?
 Pensei que non quero pensar ren.
 Mellor non pensar que pensar tanta dor.
 Ren vale ren!

"O FÚTBOL"

por
Leticia Cartelle Cobo
(3ºB de ESO)

Dltimo vestixio das relixións politeístas ten seguidores e fanáticos extremistas. Se a metade da poboación mundial é crente, a outra metade non é indiferente.

E aí estamos, tras unha semana de paro e de mentiras, louvando os deuses das nosas vidas. Faltaría máis, que tras a entrada pagar e o frío asento ocupar, a aqueloutros non puidera insultar!

Ai!, tempos aqueles de século XV da nosa era, cando na liga azteca cortábanlle a cabeza ao capitán do equipo que perdera. Non como agora que, como moito, coa emoción, tan só se che pode parar o corazón!

E mentres tanto os nosos deuses, cartos a mancheas; Nas rúas do INEM, colas e colas a moreas.



"DON ANTÓN TEN UNHA NOIVA"

por
Aitor Alaña Pérez
(3ºB de ESO)

Don Antón ten una noiva á que moito lle gusta a montaña, xa que todo o mundo sabe que na súa cova comen moitos cervos.

Don Antón está nas verzas, máis traballador imposible, porque todo o mundo sabe que no seu túnel sopra moito o vento.

Don Antón ten unha casa na que a súa noiva nunca está xa que todo o mundo sabe que na súa cova comen moitos cervos.

Don Antón ten una noiva e ela quérelle con loucura porque todo o mundo sabe que no seu túnel sopra moito o vento.

Don Antón volveuse rico e daquela ten una noiva xa que todo o mundo sabe que na súa cova comen moitos cervos.

Don Antón perdeu o seu diñeiro e daquela non ten noiva porque todo o mundo sabe que no seu túnel sopra moito o vento.




"TODO BEN"

por
Sabela Montero Tenreiro
(3ºB de ESO)

Na actualidade todo ben facemos, nestes tempos todo ben sabemos. Nós non precisamos mellorar, xa aprendemos a contaminar, coa vida do planeta rematar.

Na actualidade todo ben facemos, nestes tempos todo ben sabemos, da ecoloxía buscar a harmonía; para que un consumo sustentable, se comer lixo é saudable?

Na actualidade todo ben facemos, nestes tempos todo ben sabemos. dos nosos erros a repetición, teimamos na contaminación, levaremos todo á extinción.



"Neno mirando o nacemento do novo home"
(Salvador Dalí)

"GUAPOS"

por
Pablo Paz Cotilla
(3ºB de ESO)

Se ben guapos queredes estar, nos tempos que hoxe van, heivos ben de aconsellar vestiros todos igual. Pois non debedes resaltar polo que a xente poida pensar.

Aconséllovos, meus amigos, que vos poñades uns pantalóns rotos, porque aínda que teredes frío, seredes, da moda, bos e fieis devotos. Pois non debedes resaltar polo que a xente poida pensar.

E se por riba aínda queredes destacar, Podédesvos vestir coma pailáns, E cos vosos conxuntos de langráns, Cos amigos podedes marchar. E así a vosa vida veredes pasar, aínda que á moda, clons, parvos e pailáns.





ESTE ANO, O ANO DE LOIS PEREIRO -LETRAS GALEGAS 2011- CONMÉMOROUSE TAMÉN, CON DESIGUAL FORTUNA, O 125 ANIVERSARIO DA MÁIS INSIGNE E AMADA DAS NÓSAS POETAS, ROSALÍA DE CASTRO, E TAMÉN O CENTENARIO DUN DOS MELLORES ESCRITORES GALEGOS DO SÉCULO PASADO, ÁLVARO CUNQUEIRO (1911-1981). COMO DA ESCRITORA COMPOSTELÁ NOS OCUPAMOS NO ÚLTIMO NÚMERO, QUEREMOS REMEMORAR AGORA AO POLIFACÉTICO MINDONIENSE. A MELLOR HOMENAXE QUE LLE PODEMOS FACER A AQUEL XENIO DA FABULACIÓN QUE FOI CUNQUEIRO, É TRAELO COMO COLABORADOR FORZOSO DA NOSA REVISTA E LEMBRAR UN DOS SEUS BREVES PERO DELICIOSOS RELATOS.

"A VOADORA DE SERANTES"

Estaba Manuel Páramo botándolle un feixe de herba ás vacas, e a muller apoleirando as galiñas, á caída dunha serán de verán, cando delambos ouviron un asubío mesmo derriba das súas cabezas. Miraron para o ceo, a ver de onde viña aquilo, que pasaba de asubío a trono, e viron pasar voando, nunha banquetta, á señora María de Fontes, que era conociada pola Voadora de Serantes, aínda que ninguén sabía de onde viñera o apodo. Pro ben sabía que era acertado, que a señora María voaba. Manuel e a súa muller correron a darlle o parte aos veciños de deloutra banda do río.

O señor Bastián de Cosme, liando despacio un cigarro, comentou:

— ¡Non sabía que fose meiga!

E non lle deu importancia ao asunto, recomendándolle a Manuel e maila muller que calasen o conto e non se metesen na vida de nadie.

— Cadaquén gaña a vida como pode, sentenciou.

Pro ao día seguinte, o señor Bastián chamou a Manuel Páramo, e díxolle que aquela noite despertara soñando coa señora María de Fontes, e que se lembrara de que a tal morrera facía polo menos tres anos, e que vindo el no Castromil, cruzárase co xente que viña do cabodano. Estando falando do asunto Bastián e Manuel, escoitouse outra vez o asobío mui forte, que durou ben os seus cinco minutos.

— ¡Esa tola seica quer levar os nosos tellados!, dixo o señor Bastián.

A verdade foi que non deixou nin unha soia mazá nos mazaeiros.

O señor Bastián foi visitar a un amigo, que era fogueteiro e chamábanlle O Gaiteiro de Vedra, e encarregoulle catro bombas de palenque, as máis potentes que fixera nunca. O señor Bastián e Manuel Páramo montaron garda coas bombas na man e a mecha presta, agardando a que pasase voando María de Fontes, sentada na súa banquetta. Choveu catro días seguidos, e logo escampou, e veu un día fermoso e soleado.

— ¡De hoxe non pasal, dixo o señor Bastián.

E así foi. Eran as seis dadas cando se escoitou o asubío de cando en vez interrompido por uns tronos xordos, que mefían medo. María de Fontes viña polo áer, como a vez que a vira Manuel Páramo, sentada na súa banquetta. O señor Bastián soplu no cigarro de a carto e prendeu lume na mecha das bombas de palenque, unha tras outra. Foron catro enormes estampidos seguidos que deberon escoitarse no Ferrol. Ouvia un grande berro, e medio minuto despois caeron diante de Bastián e


Manuel e as súas asustadas mulleres, unha zapatilla colorada e dous pesos amadeos. Ben mirada a zapatilla, resultou que estaba chea de plumas de corvo. Bastián e Manuel decidiron enterrar a zapatilla no monte, e repartir o capital.

Pro aqués pesos amadeos estaban enmeigados. Pola noite, saían de onde os tiñan gardados o señor Bastián e mais Manuel Páramo, e andaban polo aer, petando contra as paredes, ou chinchándose a eles mesmos nas lousas das cociñas. Na casa de Bastián romperon un espello, e na de Manuel Páramo seis copas que había no aparador e que lle tocaran nunha rifa, en Ordes. Despois da noite de farra, os dous pesos volvían mui humildes ao lugar onde os pousaran os seus novos donos.

— ¡Hai que cambíalos!, dixo Bastián.

E foron delambos veciños a Betanzos e almorzaron ben, con remate de café e copa, pro ao ir pagar, o taberneiro deuse conta de que aqués dous pesos eran falsos, e enmourecían canto máis os miraba. Foi unha vergoña para Bastián e Manuel, os caes tiveron que contar a historia ao brigada da Garda Civil. Este pediulles aos dous amigos que lle regalaran os pesos falsos, que non lles servían pra nada, e ademais quitábaos de disgustos como aquel. Pro ao día seguinte, cando o brigada devandito llos amosou ao cobrador de contribucións, resultou que eran legais. Somentes se facían os falsos cando os querían cambiar.

ÁLVARO CUNQUEIRO: *Os outros feirantes* (1979)



INÉS SÁNCHEZ PEREIRO



O MOTIVO DE DEDICARSE O DÍA DAS LETRAS GALEGAS DESTA ANO 2011, A LOIS PEREIRO, POETA GALEGO NADO NO INCIO E AUTOR DE OBRAS COMO **POESÍA ÚLTIMA DE AMOR E ENFERMIDADE**, FIXÉMOSLLE UNHA ENTREVISTA Á NOSA QUERIDA PROFESORA DE LATÍN, INÉS, XA QUE É A SÚA IRMÁ, PARA QUE NOS CONTE ALGO DA SÚA VIDA.

– A vosa infancia, a túa e a de Lois, transcorreu entre O Incio e Monforte. Que lugar deixou para ti máis pegada?

– Máis pegada Monforte porque era onde pasábamos máis tempo. Ao Incio íamos en vacacións e algúns fins de semana. A parte, como me levaba sete anos, o que recordo mais del non é precisamente a infancia, senón máis adiante.

– Dise que a patria do poeta está na súa infancia... Dinos que recordo tes deses lugares.

– Pois do Incio recordo que o meu irmán maior, José Manuel, era moito máis sociable e Lois era considerado máis tímido, pouco falagueiro, menos divertido e por iso el tiña algo de complexo. Era máis coma min, máis tímido. Con respecto a Monforte, da infancia recordo que eles xogaban aos vaqueiros na sala de estar, facendo coa alfombra montañas e cando eles remataban de xogar, xogaba eu soa. Despois teño outros recordos tamén como que Lois foi o que me deu os primeiros contos, a primeira música e tamén a de máis adiante. Foi un pouco como o meu guía espiritual, tanto en libros como en música.

– Foi unha infancia feliz?

– Si, era unha infancia feliz, aínda que naqueles tempos non había moitas cousas, e a pesar de que compraron a tele cando nacín eu, non había moitos programas. Era unha infancia na que se xogaba na rúa. Por exemplo, recordo o Nadal, con todos os avós, sen ningún problema. Recordo en especial un Nadal no que eles querían comprar unha cámara para facer cine das que había naqueles tempos, de Super 8, e como era moi cara convencéronme para sacrificar as miñas peticións dicindo que ía ser unha actriz de cine, polo que nese Nadal non tiven case regalos para que, ao final, non a utilizaran moito.

– Qué sensacións tes ao visitar eses lugares da infancia?

– Eses lugares son a miña casa á que sigo indo todos os fins de semana. Sobre todo eu vivín con el na Coruña, na casa na que vivo agora. Por iso o peor para min foi acostumar-me a vivir, ademais de soa, na casa onde vivía el. Ao cotián é ao que máis custa acostumar-se cando falta unha persoa, o que máis botas de menos. Sobre todo nas datas que son máis difíciles cando falta alguén, como o Nadal. Cando imos ao Incio

é a parte máis difícil porque el está enterrado alí, polo que sempre que vou acudo ao cemiterio a visitar-lo, levo un libro e estou alí un ratiño.

– Qué lingua se falaba daquela ao voso arredor?

– Ao noso redor, os meus pais e os meus avós falaban entre eles en galego, pero a nós falábanos en castelán. Os meus irmáns falaban castelán en principio ata que comezaron a falar galego por conciencia social e porque era unha lingua perseguida. Pero entre nós usábamos o castelán.

– Monforte dá a sensación de que puido ser centro neuráxico de algo, dunha grande cidade, qué sucedeu?

– Monforte tivo moita importancia porque era un nó ferroviario e fíxose un pequeno pobo ao redor da estación. Viña moita xente de fóra, que o fixo máis moderno en aspecto musical e de vestimenta, respecto Lugo ou Ourense por exemplo, (que foi precisamente o que viviron eles) e era máis cosmopolita, xa que era a segunda cidade máis importante de Galicia con respecto a rede ferroviaria. Iso levou a unha época florecente e de bastante esplendor. Logo quitaron o tren e tamén a fábrica de butano, o que a levou de ser unha cidade con poderío económico a non ter nada.

– Había ambiente de libros e lectura na vosa casa?

– Si, sempre houbo porque os meus pais lían moito, e desde pequenos sempre o recordo porque era o premio que nos daba a miña nai cando íamos ao médico, sobre todo cando íamos ao dentista que era o peor. Sempre nos compraba un conto ao volver. Ademais eu sabía ler desde pequena, que me ensinou o meu avó. Influíu tamén que vía aos meus irmáns lendo todo o día.



– E música? Sabías que música escoitaba Lois? Compartiadese gustos?

– Si, a min empezoume Lois a deixar música dos Beatles, dos Rolling... e logo dos Doors, polo que eu era a "avanzadilla" das miñas amigas,



Lois, Inés e Xosé Manuel Pereiro

Imaxes dos tres irmáns Sánchez Pereiro cando nenos. Lois á dereita, agás na última.



miñas amigas, porque el traía a música de Madrid, onde había un ambiente máis moderno. Si, había ambiente de música xa que os meus irmáns sempre a estaban escoitando. O máis avanzado era Lois.

– E que estilo escoitaban máis?

– Sobre todo rock, pero un pouco de todo: música clásica, rock, tamén experimental, un tecno alemán que xurdiu nesa época cun grupo chamado Kraft, punk (Joy Division...)...en xeral todo o que viña novo. O que menos, o jazz, que non nos gustaba moito a ningún dos tres.

– Lois fixo estudos en Madrid..., erades unha familia acomodada?

– Eramos unha familia traballadora, porque o meu pai non tivo vacacións nunca. Estudou Dereito en Madrid obrigado polo meu avó, pero cando rematou a carreira dixo que non servía para defender a xente que el cría que non dicía a verdade. Así que empezou a traballar nunha cristalería que había baixo a casa que traspasaban, e traballaba todos os días excepto os domingos. Ademais a miña nai era mestra e o meu avó traballaba con madeiras. Eramos unha familia media, pero tampouco tiñamos ningún extra. Ademais, a mocidade daquela escapaba das marcas, pois a xente que levaba roupa de marca era considerado un pijo. Iso si, nunca nos faltou nada.

– En Madrid foi onde entrou máis en contacto coa literatura e cultura galegas?

– Xa entrou en contacto no instituto, cando gañou un premio no que lle regalaron unha edición de Rosalía de Castro. Xa as profesoras de Lingua e de Historia dicían que era especial, e tamén a súa forma de escribir. Logo en Madrid hai máis oportunidades, pero sobre todo entrou en contacto co

cine, relacionado un pouco todo con todo: se tiña unha época de alemán, gustáballe a literatura alemá e o cine alemán.

– E a idea de viaxar tanto por Europa, cando comezou?

– Cando puido permitirse viaxar, imaxino que cando empezaron a estudar en Madrid, recortando gastos. Era unha forma de viaxar

moi austera, cunha mochila e parando nunha pensión destas ao lado das estacións. Ademais, a primeira vez que viaxei eu con el foi co InterRail, co que comprabas un billete e viaxabas por parte de Europa. Sempre lle chamou a atención Europa, supoño que porque quería revivir os escenarios das novelas que lía.

– Como se viviu na familia a enfermidade derivada da intoxicación por aceite de colza? Qué recordos tes ti daquel momento?

– Eu estaba aínda no instituto e recordo que era o meu aniversario e a miña nai díxome que tiña que ir a Madrid porque (Lois) estaba enfermo. Foi unha enfermidade mala porque cambiaba a aparencia física e perdíase masa muscular, entón mirábano pola rúa e ata caeu algunha vez, e iso el levábao moi mal porque era moi presumido. Sentíase mal nese aspecto. Tamén foi unha enfermidade da que non se sabía nada. Cando voltaron foron a un médico en Lugo que non sabía moito do que podía pasarlle, case riu cando lle dixo se non sería o da colza. Logo en Madrid atoparon aos médicos que trataban iso e descubriron que si era esa enfermidade. El comezou a ir a rehabilitación, pero deixouno logo porque se deprimía ao ver aos nenos en rehabilitación. Tamén lle afectou que lle ofreceron traballo de tradutor nunha petroleira e non puido ir. Así que empezou a facer traducións na casa porque non podía aceptar calquera traballo. Librouno da mili, iso si.

– Cando comezou a escribir Lois Pereiro? Coincide coa circunstancia anterior?

– Non. Escribir escribía xa de adolescente, para ligar ás rapazas. Eu recórdoo sempre escribindo, metido nun sitio habilitado para nós na casa, con música e escribindo. Tamén nas terrazas dos bares.

– Escribiu só en galego?

Si, maioritariamente si. Agora aparecen algunhas cartas escritas á súa moza de toda a vida, Piedade, a Conversa Ultramarina, que ten partes intercaladas en castelán. Supoño que o elixiu porque lle inspiraba máis.



– Hai moitas fotos con/de Piedad Cabo... era a súa compañeira sentimental?

– Si, foi a súa moza desde adolescentes e realmente a súa única moza ata que se deixaron nun determinado momento por certas circunstancias, no que el o pasou moi mal. A pesar disto, seguiron mantendo unha amizade moi especial. De feito visitábo e quedábase a durmir na casa na Coruña. É o que di ela agora, que eran como "siameses". Practicamente a súa vida xirou en torno a ela, porque eu creo que cando deixou de estudar socioloxía porque non lle gustaba e díxolle ao noso pai que quería traballar na cristalería e volver ao ano seguinte, era porque Piedade aínda non estaba en Madrid.

– Escribiu un epitafio que pode ser considerado de mal gusto ("Cuspídeme enriba cando pasedes por diante do lugar onde eu repouse, enviándome unha húmida mensaxe de vida e de furia necesaria"). Qué opinas ti sobre este e que poden pensar as túas avoas?

– O primeiro de todo, a min o epitafio encántame. Non pode ser considerado de mal gusto porque nel non existía o mal gusto. A pesar de que el pode parecer moi triste pola súa poesía, era unha persoa moi alegre e tiña un humor moi ácido polo que hai que entendela nese senso. O epitafio deseñouno el porque xa sabía que o tempo era limitado. Eu e o meu irmán no momento de elixir recortámolo porque José Manuel, moi gracioso tamén, dixo que era mellor quitar o de "cuspídeme...", non fora ser que todo o que pasara por alí o fixera. Ademais, era moi longo polo que só aparece a partir de "unha húmida..." Nós imos ao cemiterio como un momento de descanso. O epitafio, a nós, como todo o que facía el, gústanos. Quen nos criou foi unha das avoas. Lois era o seu neto favorito e pasouno moi mal. Pasárono mal as dúas, pero coa resignación das persoas maiores, xa que as persoas maiores teñen un maior contacto coa morte, e morreron resignadas. Eu non me resigno.



Dúas imaxes de Inés en París: arriba, cos dous irmáns; abaixo, con Lois e a súa nai.

O que non levaron ben foi que morrera antes o neto que elas. Ademais, á miña avoa materna tamén lle morreu un fillo na mesma idade que Lois e sabía o que a miña nai estaba pasando. Sobre todo, parecíalle moi triste enterrar un fillo e quedar ela.

– Comprendía todo o mundo o seu carácter extravagante?

– Supoño que lle daba igual a el como tamén a min cando me vestía como me vestía. Monforte era un pobo pequeno, polo que chamaba a atención pero tamén como se coñecen todos sabían o que había detrás. Se o comprendían? Supoño que algúns si, e outros non, e por iso alégrome por unha parte de que se lle dediquen as Letras Galegas, porque agora estarán pensando "mira o extravagante onde está". Ademais supoño que a el só lle importaban os que o comprendían, e os demais non.

– Cres que, coma moitos escritores, foi un bohemio?

– Bohemio de aspecto quizais, pero nós tiñamos unha vida moi normal: paseábamos, líamos, íamos ó cine...é que para min velo bohemio pois non, eu o vexo normal. Tampouco era tan extravagante, para min, pero quizais para a xente si o era. Sobre todo polo aspecto físico, que foi pasando por todas as correntes dende o hippismo, ao punk,



post-punk, after-punk...

– Qué pensas de que se lle dedique o Día das Letras Galegas 2011?

Pois cando mo dixo o meu irmán maior levei moito desgusto. Foi unha mestura de emotividade con rabia, pero cada vez gústame máis. Por unha parte pola miña nai, que así o ve en vida, e porque a el encantárialle, e se a el lle encantaría... Ademais, cada vez gústame máis porque estanse facendo cousas moi bonitas que a el seguro que lle gustarían.

– Como levades rememorar todo o que lle sucedeu ao teu irmán?

– Cada un o leva como pode. Procuramos que a miña nai leve a parte agradable. Sobre todo das partes desagradables ocúpase o meu irmán, o que lle teño que agradecer, xa que





Inés e Lois Pereiro no piso que compartían na Coruña e onde ela segue a vivir.

todo o peso o están levando el e Manuel Rivas. Pero dalgunhas cousas téñome que encargarme, de ler biografías por exemplo, ou de discutir que algo non é exactamente así porque ás veces as cousas non se recollen como ti as dis. Por exemplo, eu non podo velo en acción nin escoitalo, polo que de visionar os vídeos se encarga o meu irmán. O de recordar lévoo mal, pero en todo hai unha parte positiva e é que este ano estame a servir de terapia, así

que todo o que non gastei en psicólogos...(risas)

– Gustábache a literatura que escribía o teu irmán?

– Non podo ser moi obxectiva, pero a min si. Gústame sobre todo o último libro, aínda que sexa moi triste, e tamén unha especie de conto que se vai a publicar na antoloxía. Por suposto, gústame todo porque vivo un pouco como el o vivía, e véxome un pouco reflectida. Gústanme unhas cousas máis que outras. Hai poemas que

prefiro non ler aínda que me gustan, e outros que me encanta ler sempre que me atopo triste, porque el para min era como un calmante. Se tiña algún problema sempre percorría a el, entón agora percorro a un destes poemas “calmantes”.

– Liches todos os seus libros e escritos?

– Si, home, tampouco é que escribira moito, pero xa antes de que se publicaran os tiña lidos. Porque ensinaba o que escribía e porque ás veces escribía diante de min, nunha

terraceira por exemplo. Si, lin e relín.

– Cal é o teu poema preferido?

– O último, que é o que se leu no acto: “Estou vivindo un soño repetido” e tamén “Que lle podo ofrecer a quen me intente”. E logo teño moitos... por exemplo, o que leu Manolo Rivas, o do abecedario de “Galicia”. Tamén dos primeiros, o que pasa é que moitos non teñen título. Que... por que? Pois, simplemente, porque me chegan máis.

Inés, ao rematar a entrevista, quixo agradecer os apoios recibidos desta forma:

– “Teño que facer un agradecemento: por un lado aos meus compañeiros, sobre todo a algúns que xa saben quen son, pola súa delicadeza e pola súa complicidade; e aos meus alumnos, a vós, por aguantarme neste ano tan emotivo e difícil para min.”

CRISTINA TUIMIL
EVA ALEXANDRA FERNÁNDEZ

NOTA DA REDACCIÓN

Ao remate da entrevista descoñecíase que o novo destino de Inés está nun centro da Coruña. Inés se nos vai e imos botala moitísimo de menos. Unha enorme aperta, Inés. E grazas por todo.

Inés con Lois en París.



Amalkatum Mohamed Fadel

BEATRIZ DEUS BOUZAS, 2ºE



REPÚBLICA ÁRABE SAHARAUI DEMOCRÁTICA

É UNHA NACIÓN SEN ESTADO FORMADA POLA ANTIGA PROVINCIA ESPAÑOLA DO SAHARA ESPAÑOL QUE FOI ANEXIONADA EN 1979 POR MARROCOS. DENDE ENTÓN ESTE POBO LOITA CO GOBERNO MARROQUÍ PARA GARANTIR O RESPECTO AOS DEREITOS HUMANOS E DA LIBERDADE INDIVIDUAL NO SÁHARA OCCIDENTAL.

ESTA É A NACIÓN DUNHA COMPAÑEIRA DO IES "CONCEPCIÓN ARENAL" DE FERROL E OBXECTO DA NOSA ENTREVISTA, AMALKATUM MOHAMED FADEL. IMOS FALAR POIS DA SÚA CHEGADA A FERROL.



— Bo día, Kaltum.

— Bo día.

— *Concerteille esta entrevista para falar sobre a túa vida antes e logo de vir a Galicia. Ben, dime, canto tempo levas en España e cales foron os teus motivos?*

— Tendo en conta que a miña chegada foi o 1 de xullo do 2007, xa case catro anos. O meu obxectivo aquí é rematar os meus estudos e realizarme academicamente xa que no meu país non hai moitas oportunidades para as mulleres. Están subordinadas en certos ámbitos ao home.

— *E disque xa estiveras neste país antes de instalarte nel.*

— En efecto, a primeira vez que vin a Galicia foi no 2001 por medio de "Vacacións en paz" que organizaba a Asociación Galega co Pobo Saharaui. Estaba aquí cos meus pais de acollida actuais arredor dun mes en verán. Ía á praia, ás festas e esas cousas.

— *Notaches moito cambio entre culturas?*

— En certos aspectos, pois si. Aquí as relacións entre persoas son moito máis abertas, a forma de falar é menos fría, tedes un humor diferente e tamén existe moito menos pudor; alí é moi improbable ver nunca a unha parella bicándose, mesmo da man. Non está ben visto mostrar certos afectos en público, até na televisión, se buscas non vas atopar, por exemplo, telenovelas nas que aconteza a mítica escena de amor dun bico pasional. Outra diferenza notábel é que alí os homes respectan moitísimo á muller,